

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 07-08

1. A min este conto gústame moito, aínda que no medio da historia é un pouco aburrido porque non pasa nada importante, o libro só esta contando a vida dunha meniña e a min iso non me gusta moito porque a min gústame que pasen cousas interesantes e neste libro algunhas ocorren pero o resto do libro é un pouco aburrido, o libro si é para nosa idade. As nenas este conto recomendaríano porque trata sobre unha nena e un neno. Aos nenos non llo recomendaría porque no libro é un pouco aburrido e trata sobre amoríos que iso á maioría dos rapaces non lles gusta, porque aos chicos gústalles a acción e a intriga. O bo que ten o conto é que a nena gústalle moito ler e ten a sorte de que seu pai é bibliotecario, pero tamén ten unha desgraza porque a súa nai ten unha enfermidade que a ..., pero para min o conto pode ser mellorable. **(Diego)**

2. Eu deixei de ler o libro porque me aburriu un montón. **(Santiago)**

3. Branca, a protagonista deste libro é unha rapaza que por enfermidade ten que pasar unha larga tempada na cama, durante esta cumpre os trece anos e unha amiga regálalle un álbum de fotos, aínda que nun principio non lle fai graza, súa nai faille ver que é un bo agasallo e realmente vaille resultar un bo entretemento e de paso servirlle para darlle un repaso a súa vida, así coñeceremos a seus país, os seus amigos, o seu primeiro amor, e os problemas que este ten na escola por culpa dunha profesora, e mais o pouco que o Lois lle gusta a súa nai. O libro acaba ... Gustoume a medias, aínda así o recomendo. **(Jacobo)**

4. Un libro interesante e entretido, o meu personaxe preferido é Lois por que me parece un bo rapaz, que está incomprendido por case todos e é por culpa de.... O recomendo a toda persoa con ganas de pasar un bo rato e que teña tempo para dedicarllo á lectura. **(Javier)**

5. Ola A., antes de dicir nada quería contarte o moito que me está gustando o libro "Trece anos de Branca" e que é moi divertido lelo todos na clase. O libro é moi divertido e ao comezalo cría que ía ser o máis aburrido de todos porque a portada do libro aparecía unha nena deitada na cama vendo un álbum de fotos. En cambio paréceme que é o máis divertido e intrigante de todos. Este libro para min é deses libros que cando chegas á primeira parte máis interesante non o queres deixar e queres seguir lendo ata rematalo. Espero que o que queda de libro por ler sexa tan interesante como o que xa temos lido. **(Iago)**

6. Eu gocei este libro moito máis do que cría. Gustoume moito a parte na que a protagonista, Branca, di que non se recoñece nunha foto porque "se desenrolara moito estes últimos anos. Houbo unha parte que nos fixo rir a toda a clase, o de: desenroleime moito e agora teño os meus peitos que parecen melóns. Toda a clase empezou a rir e como sempre alguén fixo un dos seus chistes malos para intentar que esa parte da lectura fora máis graciosa pero a acabou fastidiando e case nos cae encima un bo castigo. Volvendo ao libro, espero que en 2º da E.S.O siga habendo máis libros graciosos e divertidos para ler co profesor. Tamén espero que o pouco contido do libro que nos queda por ler sexa o remate perfecto para tan divertida historia. **(Iago)**

7. Branca é unha rapaza de trece anos que ten que pasar seis semanas de repouso absoluto por unha hepatite vírica e dedícase a escribir un diario e seleccionar fotos con lembranzas do seu pasado e presente, a escola, os cambios corporais, a descuberta de sentimentos tan cruciais coma o amor ... Este libro gustoume bastante, aínda que ao principio pensaba que ía ser aburrido. A miña parte favorita é cando Lois conta a historia de que a Víbora ... Outra parte que me gustou moito foi a última, porque se ve como coa enfermidade Branca foi aprendendo cousas da vida e deixando atrás a infancia, e cae na conta de que xa non é unha cativa e empeza a fase da adolescencia. Aínda así pareceume que o final quedou un tanto incompleto porque ... É un libro interesante que reflexa que o autor coñece moi ben os pensamentos e sentimentos dos nenos e nenas de hoxe en día. Está moi ben redactado, cun vocabulario apropiado e cunha maneira de narrar que fai que resulte entretido, aínda que algunhas partes facíanseme un pouquiño pesadas. **(Alfonso)**

8. De todos os libros obrigatorios de galego que lin ata agora este foi o que máis me gustou, porque, por exemplo o de *Contos por palabras* non era moi real e o de Jasper era algo estraño para o meu gusto. O único que non me chistou moito foi o final e que puxese as palabras en inglés como "top secret". Pero aínda así estivo moi ben en xeral, e sobre todo o capítulo de cando Lois lle conta porque o ... **(Laura)**

9. A min gustoume moito o libro, e como supera a súa enfermidade cos recordos da súa vida. Aconsello que o leades, é divertido pero á vez un pouquiño triste. Pero o que non me gustou foi o final. **(Sara)**

10. Este libro trata dunha rapaza enferma de hepatite, que fai o álbum da súa vida. Dos libros que limos foi o que máis me gustou porque se acercaba máis á realidade na que vivimos. O mellor personaxe do relato foi Branca porque a pesar enfermidade soubo afrontala con "ledicia". O peor personaxe da historia foi a Vívora, porque lle facía a vida imposible a Lois, o rapaz que ... **(Andrea)**

11. Este libro trata duna nena que, con trece anos, ten que permanecer durante seis semanas na súa casa sen poder saír á rúa, debido a unha hepatite vírica que padece. Para pasar este tempo o mellor posible, comeza a facer un álbum de fotografías da súa vida, onde inclúe algunhas de Lois, o rapaz que lle gusta. A historia narra temas moi diversos da vida de Branca: o seu pasado e presente, as mentiras e as verdades... Paréceme unha gran inxustiza a que cometeron con Lois, posto que... A actitude da Vívora, a mestra que .. é moi vingativa. Só polo feito de terlle manía a alguén, non podes ... Por outro lado, creo que Branca fixo moi ben en crer e apoiar a Lois... Dos tres libros que levamos lidos na clase durante os tres trimestres, para min este foi o mellor. A historia que relata paréceme moi interesante e creo que é o relato que máis se achega á nosa idade, e que o autor sabe reflectir moi ben os sentimentos da rapaza. En xeral o libro estivo moi ben e gustoume moito. Pareceume moi entretido como se vai desenvolvendo a historia pouco a pouco, e como se van descubrindo novas cousas sorprendentes. Unha das pegadas que lle podo por ó relato é o final. A min sorprendeume bastante, pero non podo dicir que sexa para ben. Cando rematas de ler o libro, parece coma se ... **(Andrea)**

12. Trece anos de Branca, é un libro que enganxa moito e é fácil de entender e moi entretido polo seu argumento interesante que non se fai canso coma o libro "Intercambio cun inglés", que a pesares de parecerme un libro bonito, tamén é un pouco "rolo". *Trece anos de Branca* é moito mais divertido ca *Intercambio cun inglés* e que *Contos por palabras* e, a pesares de ter un final incompleto e un pouco triste, porque... En conclusión: é un libro que recomendo a xente que lle gusten os contos e quen en xeral non lle interesen moito os finais, ao menos, non tanto coma min, q ue en xeral é o que máis me gusta dos contos e por iso gústanme os contos curtos, porque así: chega antes o final! **(Daniel Alexandre)**

13. "Trece anos de Branca" é un libro que relata a historia dunha nena enferma que decide facer un álbum de fotos, o que lle permitirá lembrar sensacións vividas. Gustoume moito, o que máis, o capítulo no que ... a Lois, o neno que lle gusta a Branca. É libro é moi fácil de ler porque trata temas que nos gustan ós nenos da nosa idade e recomendo que o leades. **(Javier)**

14. O libro: " Trece anos de Branca " gustoume moito. Ó principio deume un chisquiño de pena pola protagonista pero logo comezoume entreter máis e máis o dito relato. Eu penso, e quero engadir que este conto gusta máis ás nenas, xa que os acontecementos que van sucedendo son parecidos aos que día a día nos ocorren ás nenas de trece anos. É moi interesante como ela, a pesar da súa enfermidade, supera todo con recordos, e así pasan os días, aínda que lentos. Tamén me aledou a historia que ten con Lois, como o defende, a maneira de pensar que ten... É dicir, este libro debe de ser lido por todos os nenos que se acheguen á idade do título. Saúdos. **(Verónica)**

15. Ola A., este libro gustoume moito porque eu gocei con este libro moito máis do que cría. A parte sempre desexas que chegue o próximo luns para que a clase xunta siga lendo o libro. Gustoume moito o libro polos contidos e a amizade que se tiñan. Outra parte que me gustou moito foi a última, porque se ve como coa enfermidade Branca foi aprendendo cousas da vida e deixando atrás a infancia, e cae na conta de que xa non é unha cativa e empeza a fase da adolescencia. **(Marcos)**

16. A protagonista deste libro é Branca, unha nena que, debido a unha hepatite, ten que permanecer sen saír da casa durante dous meses e neste tempo cumpre trece anos. Para pasar o tempo comeza a meter fotos de parte da súa vida nun álbum que lle regalan. Isto sérvelle para recordar e reflexionar sobre moitas cousas e persoas que a rodean e acaba sacando algo positivo a partir da súa enfermidade. Este é o motivo polo que Branca é a personaxe que máis me gustou. A que menos me gustou foi a profesora de matemáticas (a Vívora) que lle fai a vida moi difícil a ..., un amigo especial de Branca. O final pereceume incompleto, coma si faltase unha segunda parte. É un libro fácil de ler, cunha

linguaxe comprensible. Gústame que alterna capítulos da súa vida con outros nos que fala sobre o que lle ocorre a Lois, o que axuda a que sexa máis fácil lelo. **(María)**